ARQUIDIOCESE SANTIAGO DE COMPOSTELA

27 Ano Santo Compostelán

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

//ABANCA

La Civilización Occidental

ENCUENTRO IGLESIA · EMPRESARIOS 2026



Deputación DA CORUÑA

Cámara Santiago de Compostela

UMAS

GIOVANNI LEGRENZI (1626-1690)
SE V'OFFRE IL MONDO E IL SENSO

ANTONIO VIVALDI (1678-1741)
LAETATUS SUM RV827
BEATUS VIR RV598
GLORIA RV589

I. Gloria in excelsis Deo (coro)
II. Et in terra pax (coro)
III. Laudamus te (2 sopranos)
IV. Gratias agimus tibi (coro)
V. Propter magnam gloriam (coro)
VI. Domine Deus, Rex coelestis (soprano)
VII. Domine, Fili unigenite (coro)
VIII. Domine Deus, Agnus Dei (alto & coro)
IX. Qui tollis peccata mundi (coro)
X. Qui sedes ad dexteram Patris (alto)
XI. Quoniam tu solus sanctus (coro)
XII. Cum Sancto Spiritu (coro)

ORFEÓN TERRA A NOSA
ORQUESTRA TERRA A NOSA

Aida López, Anna Melikhova (sopranos)
Julia Portela Piñon (Mezzosoprano)

Director: Luís Martínez

Orfeón Terra a Nosa

Nacido en Vigo, estudou Piano e Linguaxe Musical nos conservatorios de Santiago e Vigo. É Mestre especialista en Educación Musical e Licenciado en Pedagoxía pola USC. É fundador e director de Vox Stellae e ocupa a dirección artística do Orfeón Terra a Nosa desde outubro de 2023.

Asistiu a aulas de perfeccionamento en diferentes ámbitos da análise e interpretación musical con mestres da talla de Miro Moreira, Dominique Velard, Owen Reese, Peter Philips, Pier Paolo Scattolin, Artur Carneiro, Constantin Alex, Bernd Valentin, Tu Shi Chiao, J. López Calo ou Carmen Cruz.

NOTAS AO PROGRAMA

O concerto ábrese co coro final do oratorio La Morte del Cor Penitente (1705), precedido dun breve recitativo, o texto advirte os homes sobre a fraxilidade das riquezas ou a fama fronte á fortaleza de corazón que propón Xesucristo. O autor da composición, Giovanni Legrenzi foi un dos músicos máis reputados do seu tempo, traballou en Bérgamo, Ferrara, París e, finalmente en Venecia, onde asentou a súa residencia e ocupou postos importantes no Conservatorio dei Mendicanti ou a Catedral de San Marcos. Precisamente no entorno da sé veneciana, onde o pai de Antonio Vivaldi traballaba como violinista, sitúase o punto de contacto entre o talentoso neno e o mestre Legrenzi, quen o puido ter como intérprete na orquestra e tamén como alumno.

A biografía de Antonio Vivaldi é sobradamente coñecida. Traballou como mestre no Ospedale della Pietá, unha das varias institucións que, financiadas pola República de Venecia, atendían aos nenos e nenas orfos ou desvalidos. Neste contexto é no que Antonio Vivaldi desenvolveu a súa intensa actividade musical e compositiva durante boa parte da súa vida. Se ben as inquedanzas de Vivaldi, o seu afán viaxeiro e os desexos de facer fortuna como compositor de óperas, dificultaron as súas relacións coa institución, o compositor mantivo lazos laborais coa institución ata despois de 1730.

O *Laetatus Sum* RV827, conservado na Biblioteca Estatal de Saxonia (Dresde) é unha das pezas de máis recente atribución a Vivaldi debido a que se cría obra de Baldassare Galuppi. Foi en 2017 cando o musicólogo Michael Talbot desfixo o erro xerado –presuntamente- de xeito deliberado polo copista veneciano Iseppo Bardan.

As dúas obras que pechan o concerto áchanse entre as máis populares da produción sacra de Antonio Vivaldi. O salmo *Beatus vir* RV598 no que as voces solistas femininas teñen o papel máis importante e o Gloria RV589 onde Vivaldi emprega unha orquestra de cordas á que engade óboe e trompeta, dotando o conxunto instrumental dunha sonoridade máis contundente.

Ao longo dos 12 números en que se divide a obra altérnanse coros e partes solísticas ofrecendo ao oínte estéticas contrastantes, desde a vivacidade do fugato *Propter Magnam gloriam* ou a contundencia rítmica do *Domine fili unigenite*, ata a prácida beleza da aria Domine Deus con óboe solista.

Luís Martínez

ORFEÓN TERRA A NOSA

O Orfeón Terra a Nosa foi fundado en 1966 por Manuel Feijóo OFM (1926-92), quen ocupou a dirección ata 1984, sucedido por Miro Moreira (1984-2021) e Mateo Iglesias (2021-23), tendo na actualidade a Luís Martínez como responsable artístico.

En 1992 recibiu o Premio da Crítica Galega en recoñecemento á súa rigorosa carreira musical. En 1994 o Concello de Santiago de Compostela outorgoulle a Medalla de Prata ao Mérito Artístico. Entre os galardóns obtidos destacan os primeiros premios de polifonía (1974, 1980) no Festival de Torrevieja.

O Orfeón colabora na interpretación do repertorio sinfónico coral e ópera con diferentes orquestras ademais de ter actuado en toda a Península Ibérica, e de terse presentado a festivais internacionais. Realizou numerosas gravacións e ten o empeño en difundir e poñer en valor a música galega onde protagonizou moitas recuperacións e estreas.

O Orfeón celebrou o seu 60 aniversario en 2026 cunha serie de concertos nos que recuperou música de Zingarelli e trouxo por 1ª vez a Galicia o celebre oratorio *Le Sette Parole* de Saverio Mercadante.

Coa RFG participou nas estreas absolutas de Tempos Velados (2016) de Abe Rábade, a ópera *A Amnesia de Clio* (2019) de Fernando Buíde, e da Misa en honor ao *Apóstolo Santiago* (2022) de Marco Frisina, dirixida polo propio autor.

ORQUESTRA TERRA A NOSA

Este conxunto instrumental, creado no seo do Orfeón Terra a Nosa está formado por intérpretes profesionais, na súa maior parte vencellados ao Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela. A agrupación constitúese con vontade de permanencia e como parte dun proxecto colectivo de expresión social, musical e cultural. Presentouse en 2025 en Cambados, Vigo e Santiago interpretando o *Requiem* KV626 (W. A Mozart) e o *Magnificat* en Dom (G. B. Martini). En 2026 participou no concerto de nadal e nos concertos de celebración do 60 aniversario da institución. A coordinadora da orquestra é Xusa Hervás, profesora de violonchelo no CMUS de Santiago de Compostela.